

# O RELEVO COSTEIRO


















# Accidentes geográficos costeros

El borde costero, que es donde se encuentran la tierra y el mar, nunca es igual. Su forma está determinada por la erosión o desgaste provocado por las olas, el viento y la lluvia, además de los sedimentos que acarrearán los ríos hasta su desembocadura en el mar, que quedan depositados en los deltas. En este esquema se señala el conjunto de formas que pueden darse en la costa, que reciben el nombre de accidentes geográficos costeros.







<http://es.scribd.com/doc/40771848/1-4-El-litoral-espanol>

<http://noespazoenotempo.webnode.es/tema-1-diversidade-xeoloxica-e-morfoloxica/practicos/p7-relevo-costeiro/>

# 1.- O LITORAL PENINSULAR

As costas peninsular, son predominantemente **rectilíneas**, sen resaltes destacados, agás as de Galicia, o que determina una escasa penetración da influencia do mar no interior.





# AS COSTAS ATLÁNTICAS

Dentro das costas atlánticas diferéncianse a *costa cantábrica*, as *rías galegas* e a *costa atlántica andaluza*.


## a) A costa cantábrica.

Esténdese desde a desembocadura do río de Bidasoa, no límite con Francia, ata a Punta de Estaca de Bares. Orientada de Leste a Oeste, ten un contorno rectilíneo porque segue a liña de fractura dunha gran falla con dirección E-O, é lonxitudinal respecto das estruturas do Sistema Cantábrico.

Caracterízase pola presenza de **acantilados** (debidos a un rápido afundimento no mar), **rasas** e pequenas **rías** (a ría de Bilbao, con só 10 km de lonxitude é a máis importante), así como pola presenza dalgunhas **praias** areentas e **tómbolos**.



► Os **acantilados** son costas que penetran cunha forte pendente no mar. En relación cos acantilados están as **covas mariñas**, creadas ao erosionarse os puntos de menor dureza da parede do acantilado, os **arcos mariños** formados cando a erosión perfora a parte inferior do acantilado e os **farallóns**, que son agullas rochosas sobre o mar, creadas ao desprenderse a parte superior do arco.





Acantilados, arcos mariños,  
farallóns...


Praia das Catedrais, Lugo





► As **rasas** son plataformas de erosión mariña paralelas á costa que quedaron elevadas sobre o nivel do mar. Poden graduarse en varios niveis, dando lugar a “serras” escalonadas paralelas á costa.

Costa central de Cantabria



Costa de Zumaia, Guipuzkoa



► As **rías** cantábricas son, en xeral, curtas e de boca estreita, como as do Nalón, do Nervión...

## Desembocadura do río Nalón, Asturias





► Ao pé dos acantilados destaca a presenza de **praias**, que son extensións planas e pouco pendentes de gravas, areas ou seixos, localizados ao nivel da costa. Están formadas por sedimentos continentais e mariños.



Praia de Langre, Cantabria

► Tamén podemos atopar na costa cantábrica exemplos de **tómbolos**, como os de Gijón, Santander e San Sebastián...



Tómbolo dos Covachos,  
Cantabria



► Os **cabos** son saíntes profundos da costa cara ao mar. O cabo de Estaca de Bares é o punto máis ao Norte de España e tómake como referencia para separar as costas cantábrica e galega.

Punta de Estaca de Bares, A Coruña



## b) A costa galega. (Ver relevo de Galicia)

Esténdese desde a punta de Estaca de Bares ata a desembocadura do río Miño, que fai de fronteira con Portugal. É un litoral moi accidentado no que destacan grandes **rías** que, nalgúns casos, penetran máis de 30 km no interior.

► As **rías** son entrantes costeiros que resultan da invasión polo mar do tramo final dun val fluvial. Este feito pode deberse ao ascenso do nivel do mar ou ao descenso do continente. Galicia ten un relevo montañoso pouco vigoroso, con gran cantidade de fallas que foron ocupadas pola rede fluvial. Cando os vales dos ríos son invadidos polo mar fórmanse as rías.



Panorámica da Ría de Vigo





No litoral galego pódense atopar tamén **praias** areentas, abruptos **acantilados**, como os da Costa da Morte ou A Capelada e sectores de **costa rectilínea** como o da *rasa cantábrica*, preto do límite con Asturias, ou no tramo Baiona-A Guarda, ademais hai exemplos de **esteiros**, **marismas**, **lagoas costeiras**...

Acantilados da Capelada,  
A Coruña



Praia da Frouxeira, A Coruña





### c) A costa tlántica andaluza

Prolóngase desde a desembocadura do Guadiana, límite fronterizo con Portugal, ata a punta de Tarifa. Este litoral está dominado pola planicie do Golfo de Cádiz, unha costa baixa, areosa, chea de **marismas, dunas, frechas litorais...**

► Os **golfos** son entrantes profundos do mar na costa de forma arredondada.

► As **marismas** son chairas de lama típicas das baías baixas, como as da depresión do Guadalquivir. Fórmanse en baías baixas cos sedimentos achegados polos ríos que as atravesan e polo mar, que as cobre na pleamar e as deixa ao descuberto na baixamar. Estes sedimentos acaban colmatando a baía, orixinando así as chairas de lama. Sobre elas medran plantas salobres, pero poden drenarse e aproveitarse agricolamente.



Marismas de Doñana

► As **frechas litorais** son barras de area que prolongan as costas rectilíneas e areosas cara ao interior dunha baía. Fórmanse polo transporte da area da costa cara á baía por deriva litoral e soen ter un extremo curvado cara á terra (frechas de gancho). Unha frecha pode unirse con outra formada na parte oposta da baía, dando lugar a unha barra continua de area ou **cordón litoral**.



Frecha do Rompido, Huelva





► As **dunas** son montículos de area típicos das costas areosas. Fórmanse polo transporte e acumulación de area polo vento, que queda fixada pola vexetación. As dunas están orientan en relación co vento predominante e o seu perfil é asimétrico: a cara de barlovento ten unha pendente suave e convexa, mentres que a de sotavento é cóncava e máis abrupta.

Dunas de Doñana, Huelva





A Punta de Tarifa é o punto máis ao Sur da España peninsular. Tómake, xunto co Estreito de Xibraltar, como referencia para separar as costas atlántica e mediterránea.



Tarifa e a Illa das Palomas, Cádiz




# AS COSTAS MEDITERRÁNEAS

Esténdense desde o Estreito de Xibraltar ata o Cabo de Creus e diferéncianse o *sector bético*, o *Golfo de Valencia* e o *litoral catalán*.

## a) O sector bético

Esténdese desde o Peñón de Xibraltar, en Cádiz, ata o Cabo de La Nao, na costa levantina.

Presenta **tramos acantilados** onde as cordilleras Béticas discorren paralelas á costa e longas seccións de **costa baixa**, que forman unha estreita chaira litoral creada polos sedimentos achegados polas Cord. Béticas.



Acantilados da Ferradura, Granada

Tamén son frecuentes os campos de **dunas**; os **golfos**, como os de Almería ou Alicante; as **albufeiras**, como a do Mar Menor, e as **terrazas mariñas**.

► Unha **albufeira** é un lago costeiro salgado separado do mar por un cordón litoral que pecha unha baía, pode ter contacto temporal ou permanente co mar. Ao final acaba converténdose en marisma e colmatándose polas achegas terrestres.

Albufera do Mar Menor,  
Murcia





► As **terrazas mariñas** son antigas praias que quedaron máis altas que o actual nivel do mar pola elevación da costa ou polo descenso do nivel do mar desde finais da era Terciaria.

Terraza mariña no Cabo de Santa Pola,  
Alicante



## b) O Golfo de Valencia

Esténdese desde o Cabo de La Nao ata o Delta do Ebro. Caracterízase polas súas **praias** amplas e areentas, formadas polos depósitos mariños e polos sedimentos do Sistema Ibérico; as **albufeiras**, como a de Valencia; **os pequenos deltas** e os **tómbolos**, como o de Peñíscola, en Castellón.

Marina d'Or, cidade de vacacións,  
Castellón



SALVEM LA MEDITERRÀNEA





► Os **deltas** son saíntes costeiros que se forman cando o río achega máis sedimentos dos que pode redistribuír o mar, por tratarse dunha masa tranquila de auga, sen fortes correntes nin excesivo oleaxe. Os deste sector costeiro adéntranse pouco no mar, ao estar orixinados por ríos pouco importantes ou de carácter torrencial.



Delta do río Palancia, Valencia, tras un episodio de chuvias torrenciais en marzo de 2015

### c) O litoral catalán

Esténdese desde o Delta del Ebro ata o norte do Cabo de Creus, no límite con Francia. É moi variado, xa que presenta algúns **deltas**, como os do Ebro e o Llobregat; **costas acantiladas** onde o extremo da Cordilleira Costeiro-Catalá chega ata o mar (Costa Brava); **golfos**, como o de Roses; **praias** e pequenas **chairas litorais** entre os promontorios rochosos.



Golfo de Roses,  
Girona





## Cala Sa Forcanera, Blanes, Girona



O Delta do Ebro  
está en retroceso  
debido aos efectos  
dos embalses que  
deteñen as achegas  
naturais de limos á  
súa desembocadura.



## 2.- O LITORAL DAS ILLAS

a) As **costas baleares** son **altas e recortadas** nas áreas onde os relevos montañosos chegan ata o mar (norte de Mallorca e Menorca). No resto, alternan **praias** longas e areentas con numerosas **calas** abertas polos torrentes. Destacan tamén as **baías** de Palma e de Alcudia, na illa de Mallorca.

Cabo Formentor, ao norte da Illa de Mallorca





# Cala Salada, Illa de Eivissa



# Baía de Alcudia, Illa de Mallorca





b) As **costas canarias** reformáronse en numerosas ocasións como consecuencia das erupcións volcánicas. Predominan os **acantilados** e as **praias de cantos**, aínda que non faltan as **praias areosas**, sobre todo nas illas orientais.

Acantilados dos Xigantes, Tenerife



# Praia do Inglês, Gran Canaria

